

# proceso de estabilización da Xunta




# 1. BUZÓNS DE POSTOS

e Oferta de Emprego Público

Esta é a primeira fase do proceso de estabilización. Neste momento decidirase que prazas serán obxecto da estabilización así como o proceso que lle é de aplicación ao persoal temporal que as ocupa:  
**concurso ou concurso-oposición.**

ESTABILIZACIÓN



PRAZAS CONVOCADAS



Non participarán da estabilización aquelas prazas afectadas por un proceso en marcha.

FORA





## 2. RESULTADO DOS PROCESOS

selectivos de estabilización

O proceso selectivo levarase a cabo unha vez publicadas as convocatorias onde figurarán a valoración de méritos a aplicar e a forma das probas da oposición.

O **persoal temporal** e calquera **outra persoa** poderá presentarse a estes procesos.

O resultado do proceso será unha lista ordenada por categorías para proceder á toma de posesión.




Quedarán fóra aquelas persoas cuxa posición na lista non lle dé para coller praza.  
**FORA**



### 3. CONCURSO DE TRASLADOS

de funcionarios

Tal como veñen propondo os sindicatos da mesa, as **prazas da estabilización** serán ofrecidas para concurso de traslados do **persoal funcionario** previamente á toma de posesión do **persoal temporal**.



! Na práctica, as "mellores" prazas serán ocupadas polo **persoal fixo** e non polo **persoal temporal** que superou o proceso de estabilización




## 4. ESCOLLA DE POSTOS

### e toma de posesión do persoal temporal estabilizado

Finalmente, seguindo a orde de prelación resultado do proceso de estabilización, o **persoal temporal** escollerá praza entre as que queden dispoñibles.

É dicir, aquelas **prazas da estabilización** que non se cubrisen con **persoal fixo** e as propias **prazas do persoal fixo** que quedasen baleiras por ocuparen estes **prazas da estabilización**.



O **persoal temporal** estabilizado collerá as prazas que sobren, non aquelas que levan ocupando en fraude de lei durante anos e incluso décadas.

